




FERVENZAS DO TAMUXE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 km (a pé)
Dificultade: media
Duración: 5 horas



O río Tamuxe ou Carballo é o último afluente do Miño pola dereita. Baixa entre as serras de Argalo e a Grova excavando, no seu curso medio, un profundo canón en laxes graníticas, no que forma numerosas pozas e fervenzas.

As fervenzas máis destacadas atópanse nun tramo entre as parroquias de Burgueira e Loureza, do concello de Oia.

COMO CHEGAR: pódese acceder desde Oia ou pola estrada de Baiona a O Rosal. A ruta ten varios tramos.



1-Ponte de Refoxos

Deixamos o coche ao pé da ponte de Refoxos, na estrada onde se cruza o río e podemos ver, río abaixo a uns 50 m da ponte, a primeira ferverza.




Ferverza na Ponte de Refoxos

2-Pozas de Loureza

Desde a Ponte de Refoxos remontamos o río pola marxe esquerda, ata chegar en fronte da minicentral, iremos vendo unha sucesión de pozas e saltos. A esta zona tamén se pode acceder por unha pista de terra que sae un pouco máis adiante.




Distancia: 3 km ida e volta (a pé).



3-Pozas de Burgueira

Desprazámonos ata Burgueira e seguindo a estrada de Tomiño chegamos a Bonaval onde collemos un desvío á dereita e logo a primeira pista que baixa á esquerda e seguindo polos cruces sempre á esquerda chegamos ao río nunha zona con muíños, onde hai varias fervezas e pozas. Pódese seguir río abaixo ou volver á primeira bifurcación e coller á esquerda seguindo o camiño máis preto do curso do río desde o que se ven outros saltos e pozas. O camiño segue ata a zona da minicentral onde se completa o percorrido vendo de fronte a última ferverza do tramo anterior.

Distancia: 6 km ida e volta (a pé).



Un pouco antes de chegar á minicentral un rego bótase no Tamuxe formando unha ferverza de moita altura, pero con pouca auga.